

APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚMERO 1 REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO CORRESPONDENTE AOS SERVIZOS DE TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E CORRECCIÓN DE ERROS.

Anuncio aprobación provisional

O Pleno do Concello de Ferrol, en sesión extraordinaria de data 20 de febreiro de 2020, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza número 1 reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario correspondente aos servizos de tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos (BOP nº 17 de 24/01/2019) e corrección de erros, polo que, de conformidade con o establecido nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de Bases do Réxime Local, sométese dita aprobación a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Ferrol. O prazo citado comezará a contar a partir da derradeira das publicacións realizadas.

Durante este prazo poderán consultar o expediente e presentarse as reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas, entendéndose definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo expreso polo Pleno do Concello no suposto de que, no prazo sinalado, non se tivera producido ningunha reclamación ou suxerencia, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de xeito íntegro e entrando en vigor cando transcurra o prazo de 15 días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985.

Ferrol, na data da sinatura dixital

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi por delegación da Alcaldía de 08/07/2019 (BOP nº 137 de 22/07/2019)